

O ESTUDO DA REPRESIÓN NA PROVINCIA DA CORUÑA A TRAVÉS DOS REXISTROS CIVÍS.

Introducción.

O obxecto desta comunicación é adiantar os resultados provisorios, ata o día de hoxe, da investigación que un equipo está realizando sobre a identidade dos falecidos e das falecidas pola violencia represora durante a guerra civil na provincia de A Coruña.

Gostariamos comezar cunha cuestión de método. Podemos considerar a guerra civil como unha etapa do franquismo? Tusell escribiu que iso sería tanto como supoñer a guerra civil rusa coma unha etapa do estalinismo. Non parece a mellor comparación, sobre todo se pensamos que o xeneral Franco foi proclamado Xeneralísimo, Xefe dos Exércitos de Operacións e Xefe do Goberno do Estado xa a finais de setembro de 1936. Pero se nun sentido estrito poderíamos rexeitar a guerra civil como unha parte do franquismo, no que estaremos todos de acordo é que o franquismo é consecuencia da guerra civil e que neste conflito xurden algunhas características do réxime ditatorial de Franco; unha delas: a represión, como instrumento de eliminación e de control da oposición, que aparece desde o mesmo momento do triunfo da sublevación; se falamos de Galicia, desde a terceira semana de xullo de 1936.

Se nos momentos iniciais a represión foi sobre todo “irregular”, pasados os primeiros meses de coexistencia coa xudicial, pasou a ser predominante a represión legal dos consellos de guerra, a practicada polos tribunais militares, que pervivirán durante toda a ditadura, ata pouco antes da morte do ditador. O papel do Exército, como represor, nace na Guerra Civil e continúa despois, combinado con outros instrumentos policiais e xudiciais.

Os rexistros civís, o seu valor como fonte histórica é o que analizamos nesta ponencia, permiten ademais ver que o proceso represivo continúa unha vez rematado o conflito bélico. Atopamos na posguerra actas de defunción de colaboradores da guerrilla e de guerrilleiros caídos en emboscadas da G.C., ou executados sumariamente. Neste aspecto non hai discontinuidade co proceso represivo violento iniciado en xullo de 1936, nunha guerra civil que en Galicia non chega a durar quince días. Aquí o franquismo comezou antes, xa que as súas características impuxéronse con antelación a outras zonas do estado español..

Os libros de defuncións son unha fonte de enorme importancia para a investigación da represión na guerra civil, proporcionando datos da identidade de fusilados por consellos de guerra, de paseados e tamén de presos en campos de concentración e prisións.

É certo que é imposible determinar o número exacto e a identidade de todas as vítimas da represión fascista, pero tamén é verdade que na bisbarra de Ferrol non achamos o ánimo de

xeralizado, de ocultar o falecemento dos executados -legal ou extralegalmente-. Nos libros da Sección 3ª dos rexistros civís que visitamos nesta zona, achamos as defuncións dos represaliados anotadas con diversas lendas no apartado de causa da morte, cando este apartado non figura en branco como sucede con casos de execucións extralegais: "ser pasado polas armas" -no caso dos fusilados tras consello de guerra-, e "por feridas producidas por arma de fogo", "acción da forza pública", "fusilamento pola forza armada", "disparos feitos pola forza ao tratar de fuxir", "morto a tiros pola forza pública ao intentar escapar" -para os *paseados*-, lendas claras en todo caso que descubren a orixe dos falecementos. A maior parte das inscricións leváronse a cabo antes de rematar a guerra mesmo no caso dos *paseados*, aínda cando a inscrición no rexistro civil fose feita días ou meses despois da execución. Hai que ter en conta o elevado grao de participación nas tarefas represivas das novas autoridades, polo que os executores directos estaban ben protexidos e a súa seguridade non se vería transgredida por cumprirse os trámites legais dispostos para as defuncións, que eran inscritas por oficio de delegados de orde público ou xefes de policía, e mesmo por orde de delegados militares. Deuse o caso repetidas veces de que o xuíz de instrución que pedía un informe sobre un detido preventivo que desaparecera do cárcere, recibía un escrito policial no que se lle informaba do seu falecemento ao intentar fuxir ou unha copia da inscrición no rexistro civil. Esta situación deuse tamén cando se buscaba un presunto desertor, ao que se lle abrira un sumario por non se presentar á chamada a filas do seu reemprazo.

En A Coruña os fusilados por sentenza de consello de guerra foron anotados no rexistro de forma semellante aos de Ferrol, sen embargo, en Santiago, demostraron unha gran orixinalidade ao inscribilos cun código internacional: o número 197. Nestas dúas cidades, ao igual que noutras zonas da provincia, os *paseados* foron inscritos con fórmulas variadas, desde as xenéricas como "hemorragia", "shock traumático", "destrucción ou desintegración cerebral", ata as máis explícitas e concretas de "disparo", "aplicación da lei de fugas", "proyectil de arma de fogo"...

Quen pon atrancos á investigación.

O acceso aos libros de defuncións do Rexistro Civil non tén limitación no Regulamento de Rexistro Civil. A anotación da causa da morte nas actas de defuncións foi suprimida hai anos, por mor da SIDA, e dase o caso hoxe de que tanto funcionarios como xuíces encargados dos rexistros entenden esa normativa como un impedimento á investigación histórica. Na nosa investigación encontramos esa negativa nalgún concello. Paradigma desta oposición foi o auto do xuíz encargado do rexistro civil de Noia, de marzo de 2006, que nos

negaba a posibilidade de examinar os libros da sección 3ª da súa demarcación tomando como base o dereito á preservación da intimidade, entre outros argumentos. Presentamos recurso e a Dirección Xeral de Rexistros e Notariado (Ministerio de Xustiza) deunos a razón en base á que se trataba dun estudo histórico e que non cabía recorrer ao dereito á intimidade en documentación desa época, transcorridos máis de cincuenta anos e, como sinala a resolución, da Dirección Xeral, cando **“hoxe en día non se considera deshonrosa a morte por motivacións políticas, como consecuencia da represión da guerra civil”**, polo que non hai motivos para que se impida a súa publicidade, o que consideramos importante para despellar dunha vez atrancos inventados por funcionarios malintencionados.

Bibliografía.

Da bibliografía existente sobre a guerra civil en Galicia, e en concreto na provincia, imos comentar os datos do libro "O alzamento de 1936 en Galicia" de Carlos Fernández; o primeiro intento de realizar un listado nominal de vítimas en Galicia. Neste listado, que se presenta como o de axustizados ata decembro de 1936, comprobamos que varios dos que inclúe foron en realidade fusilados en 1937 ou en 1938, ou como nalgúns casos non se trataba de execucións senón de mortes accidentais ou por feridas na fronte. Os erros deste autor débense a que a súa investigación se limitou a fontes hemerográficas e bibliográficas; ao non consultar os rexistros civís a súa relación nominal de represaliados contén numerosas equivocacións, polo que estatisticamente non é fiable. Resulta curioso que a pesar da pouca fiabilidade dos datos de Carlos Fernández, nun libro recente ("O que fixeron en Galicia"), aínda se lles dea validez

As cifras de Salas Larrazábal, que contabilizan un total de 910 execucións, sumando as irregulares e as xudiciais, en toda a provincia coruñesa en 1936, e 1.408 en toda a guerra, aproxímanse moito aos nosos resultados. A diferenza é que a nosa investigación achega datos identificativos das vítimas, e non só nominais, tamén datos de afiliación sindical e/ou política, cargo público, se houbo ou non procesamento, número de causa...

Outros traballos, citados de xeito recorrente ao abordar a materia, non comprobamos noutras fontes os datos de actas de defunción que ofrecen dúbidas; son casos de mortes violentas nas que se utilizaron as voces xa coñecidas de "shock traumático", "hemorragia interna", "hemorragia cerebral" como causa da morte, e é así como aínda hoxe en día seguimos atopándonos con listados de represaliados nos que figuran os nomes de destacados falanxistas mortos en accidente de coche a principios de agosto de 1936 (Lucio Díaz-Aguado Arteaga ou Manuel Rodríguez Sanjurjo); ou o de Joaquín Roura, outro defensor do novo

Réxime morto en accidente automobilístico en novembro do mesmo ano; José Reboredo, atropelado por un autobús en decembro de 1936; Manuel Delgado Novo, falecido en xuño de 1937 despois de ser atropelado por un tren; o capitán de Aviación Eugenio Jack Caruncho, morto en accidente de coche en outubro de 1937 ou Salvador Guntín López, falecido en decembro de 1938 ao baixar dun tranvía, entre outros. O carácter violento de todas estas mortes e a conseguinte inscrición da causa do óbito facendo uso desas palabras abondou ao historiador para incluílos no listado de represaliados, convertido nun caixón desastre no que conviven alcaldes de esquerdas con falanxistas, ou obreiros cenetistas con militares do bando nacional. Unha simple lectura dun xornal da época, fixándose nas noticias de sucesos, despejaría estes nomes da lista de represaliados, que figura publicada nalgún libro recente sobre a represión en A Coruña, e que algún profesor universitario dá por boa noutra publicación de difusión estatal.

Falecidos pola represión violenta na provincia de A Coruña. 1936-1939.

Zona	Por sentenza	Sen xuízo	Total	Porcentaxe
FERROL	254	456	710	53,9
A CORUÑA	126	107	233	17,8
SANTIAGO	74	25	99	7,5
Outros lugares	0	274	274	20,8
Sumas	454	862	1316	100

Cálculo provisorio. Fontes: rexistros civís, sumarios de consellos de guerra e bibliografía.

Variedade das formas de inscrición.

Botando unha primeira ollada ás actas de defunción dos represaliados nos máis de 80 rexistros visitados, atopamos, en iguais doses, tanto similitudes como diverxencias á hora de constatar por escrito o sucedido.

Á marxe daqueles rexistros examinados e estériles en canto á localización de axustizados dentro do seu termo municipal, que tamén os hai, celebramos como nalgúns rexistros da provincia, ademais de Ferrol e a súa bisbarra, seguir a pista aos posibles represaliados polos fascistas é relativamente sinxelo. Como exemplo dos primeiros, referirémonos ás actas de defunción custodiadas nos rexistros civís de Tordoia, Val do Dubra, A Baña, Negreira, Oroso, Vedra, Malpica, Ponteceso, Laxe, Cee, Corcubión, Fisterra, Dumbría, O Pino, Oza dos Ríos, Sobrado, Vilasantar, Padrón, Zas, Vimianzo, Cabana de Bergantiños, Toques, Melide e Santiso, onde colleitamos resultados negativos en canto á

localización de *paseados* dentro do municipio. Esta aparente ausencia de *paseos* nos concellos citados, non quere dicir que os seus veciños non sufrisen moi vivamente a represión. Recordemos, por exemplo, o caso dos oito ceenses (Manuel García Castiñeira, José Lago Fernández, Domingo López Domínguez, Teófilo Mejuto Leis, Norberto Recamán Casal, Perfecto Trasmonte Costa, Florentino Canosa Barreiro e Jesús Chouza Figueiras) fusilados en A Coruña tras a incoación do sumario 1112/36, polo suposto delito de rebelión militar.

En cambio, os libros de defuncións de concellos especialmente castigados, a teor do número de paseados, como Ordes, Sada, Aranga ou Lousame e Noia, botan, sen subterfuxios, datos concretos e fiables que nos permiten cuantificar o fenómeno represivo nas distintas zonas de actuación. "Feridas por disparo de arma de fogo", "derramo cerebral e hemorraxia interna por feridas de arma de fogo" ou "traumatismo cerebral orixinado por proxectís de arma de fogo", son algunhas das clarividentes voces empregadas.

Localizado, pois, un axustizado, analizamos outros datos de vital importancia consignados na acta, tales como o lugar de defunción ou a idade e/ou procedencia do suxeito. Para finalizar, un repaso ás nóminas de compoñentes de partidos políticos ou sindicatos de esquerdas, permítenos dar por resolto o problema. Este último paso non sempre é definitivo; aínda que a maioría dos represaliados o eran por motivos políticos, o paroxismo foi tal que retesías persoais, envexas ou calquera comportamento incorrecto para o novo réxime, erixíanse en razóns máis que lexítimas para asasinar.

Recollemos, a continuación, un par de exemplos de axustizados nos que os represores non se molestaron en ocultar o verdadeiro carácter das defuncións. Os retrousos "... por feridas de arma de fogo" ou "... por proxectís de arma curta de fogo" así o demostran:

-No rexistro civil de Ordes atopamos ao ugetista Germán López, asasinado o 22 de outubro de 1936 no Punto Viña de Cons-Parada, a consecuencia de "traumatismo cranial producido por proxectís de arma curta de fogo".

-No rexistro civil de Sada, aparece rexistrado Antonio Carballeira, asasinado o 12 de agosto de 1936 no Monte Abeleira-Veigue-Sada, a consecuencia de "hemorraxia interna por feridas de arma de fogo". Neste caso, ademais, atopámonos cun home especialmente activo no espazo da esquerda republicana: Carballeira desempeñara os cargos de tesoureiro-contador da Asociación Agraria de Meirás en 1931; de tesoureiro do Sindicato de Profesións Varias de Meirás en 1932; e de vogal do Ateneo Cultura Política e Social de Sada en 1935.

Noutros rexistros civís, en cambio, os xa coñecidos eufemismos de "hemorraxia interna", "shock traumático" ou "violento traumatismo", trataban de viciar a Historia e dificultar o reconto final de vítimas. Se ben seguimos o procedemento xa sinalado de acudir a

outros datos da acta de defunción, de analizar os listados dos partidos políticos vixentes durante a II República ou, mesmo, de recorrer ás fontes orais, é imposible recontar, e rescatar, a todos os axustizados polos rebeldes. Os libros de defunción dalgúns rexistros civís, como Curtis, Cesuras, Carballo ou Coristanco, esconden entre as súas páxinas a unha chea de represaliados que ben poderían pasar desapercibidos se atendésemos única e exclusivamente á causa da morte. Os vocábulos "hemorragia cerebral" ou "shock traumático", aplicados tanto a mortes violentas, léanse accidentes de coche, suicidios, atropelos ou accidentes laborais, como a *paseados*, dificultan a localización destes últimos. Ilustrarémolo cun exemplo: o 15 de agosto de 1936, dous veciños de Betanzos, Manuel Vales e José Rilo, perecen no lugar de Neveira-Curtis, consignándose como causa da morte a de "hemorragia". Ben podería tratarse dun accidente, máis o feito de que se trate de dous homes novos, de 30 e 24 anos, respectivamente, falecidos nun municipio diferente ao da súa residencia, fainos albergar certas dúbidas acerca do indiscutible carácter violento das mortes. Neste caso, un dato fundamental que nos confirma que nos topamos con dous novos represaliados é a militancia anarquista de ambos os dous.

Nº INSCRITOS NOS REXISTROS CIVÍS CON MÁIS ASENTOS DE REPRESALIADOS (1936-1939).

-
- FERROL: 366.
 - A CORUÑA: 233 (126 consello de guerra).
 - SERANTES: 183.
 - SANTIAGO: 99 (74 c.g.).
 - NARÓN: 62.
 - ARANGA: 38.
 - OLEIROS: 21.
 - ARTEIXO: 20.
 - CARRAL: 17.
 - ARES: 14.
 - BETANZOS, PONTEDEUME, LOUSAME: 13.
 - SADA: 10.
 - CULLEREDO, MUGARDOS: 9.
 - AS PONTES, MONFERO, CAMBRE, TEO: 8.

Conclusionés:

1. Os rexistros civís convértense, sen dúbida ningunha, na principal fonte á hora de identificar aos *paseados* polos rebeldes. Tendo presentes as súas limitacións (falta de transparencia ao consignarse as defuncións ou, nalgúns casos, ausencia de inscrición dalgúns axustizados) constitúe o principal medio para intentar aproximarse á cifra total de mortos. Aventurarse, polo tanto, a ofrecer un número de falecidos pola represión sen acudir ás actas de defunción parécenos, cando menos, arriscado e pouco rigoroso.
2. En relación co exposto no punto número 1 destas conclusións e sen querer adiantar un número total de falecidos, estamos en condicións de afirmar que o número de *paseados* na provincia no trienio 1936-1939 é case o dobre do total de executados tras Consello de Guerra. Estes datos non veñen máis que a reforzar o importante valor da investigación a través das actas de defunción.
3. Sen poder ofrecer uns datos todo o rigorosos e concretos que desexariamos, adiantamos algúns resultados aínda moi xenéricos pero, tamén, moi elocuentes. Dende xullo a decembro de 1936, rexístranse arredor do 70% de axustizamentos na provincia, destacando, especialmente, os meses de agosto e setembro. O 30% restante distribúese nos tres anos seguintes, apreciándose unha progresiva diminución no número de homicidios conforme se achega o final do conflito armado.
4. Acoutando o territorio da provincia a tres zonas de actuación (A Coruña, Ferrol e Santiago), podemos afirmar que onde máis vivamente se deixa sentir o proceso de *pacificación* impulsado polos rebeldes é, sen dúbida, en Ferrol e a súa bisbarra. A cidade departamental e a súa zona de influencia teñen a dubidosa honra de achegar á nómina de represaliados arredor do 54% de casos. A Coruña e concellos próximos como Arteixo, Oleiros, Culleredo, Sada ou Aranga, constitúen a segunda zona máis castigada, mentres que Santiago se sitúa en terceiro lugar.

Temos que rematar facendo mención ás persoas que están a colaborar nesta investigación: María Baleato Domínguez (estudante de Historia, USC), Héctor Pena Taboada (estudante de Historia, USC), Álex Rodríguez (estudante de Historia, USC) e Carmen Santos (profesora de Historia, IES de Melide).